



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Foro de debate A Constitución e o Dereito no novo contexto sociopolítico

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	2
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO UN ES CI XU	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2024
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	DIVULGACIÓN	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 05/01/2024 - 09:00h ao 10/01/2024 - 23:59h

**RESPONSABLE:** SIMÓN CUESTA, BEATRIZ [beatriz.simon.cuesta@xunta.gal]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Esta actividade persigue o obxectivo de analizar o papel da Constitución e o dereito no contexto sociopolítico actual. A ciencia do Dereito reconece que a Constitución cumpre tres funcións esenciais: dar lexitimidade a quen exerce o poder político, recoñecer e garantir os dereitos e as liberdades da cidadanía e constituírse como lei suprema no conxunto do ordenamento xurídico. Por iso, nun contexto de incerteza como o existente na actualidade, a nosa Carta Magna debe estar máis presente que nunca para os poderes públicos e para a cidadanía no seu conxunto. Así, este foro de debate profundará na Constitución española como eixo vertebrador dunha sociedade democrática e na importancia do seu respecto e o dos principios que a impregnan para a prosperidade de calquera nación e, en particular, a española.

### DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; da Administración local; da Administración de xustiza; das universidades do Sistema universitario de Galicia; así como profesionais e persoas interesadas en xeral.

### PROGRAMA

Foro debate sobre os aspectos e temas avanzados nos obxectivos desta actividade.

Presencial, na EGAP (Aula Colmeiro), Santiago de Compostela:

Venres, 12 de xaneiro de 2024, das 12:00 ás 14:00 horas.

Pendente publicar díptico na web da EGAP.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de selección virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

### DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

- As solicitudes de participación nesta actividade formativa só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible na dirección <<https://egap.xunta.gal/matricula>>
- As persoas interesadas deberán seleccionar, primeiro, a área na que está integrada esta actividade (Régime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e, despois, seleccionar, en nome do curso, o foro debate “A Constitución e o dereito no novo contexto sociopolítico”.
- O prazo para a inscrición permanecerá aberto desde as 09:00 horas do día 5 de xaneiro de 2024 ata as 23:59 horas do 10 xaneiro de 2024.
- A EGAP publicará, na mañá do día 11 de xaneiro de 2024, na dirección web <https://egap.xunta.gal> a listaxe das persoas seleccionadas que tamén recibirán no momento da súa selección un sms/mail.

### 3. DATOS EDICIÓNS

#### SANTIAGO

<b>LOCALIDADE:</b> Santiago de Compostela	<b>INICIO / FIN:</b> 12/01/2024 a 12/01/2024	
<b>NUM. PRAZAS:</b> 30	<b>ESTADO:</b> NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	<b>DATA EXAME:</b>

#### DOCENTES NOMEADOS

TOMAS RAMON FERNANDEZ RODRÍGUEZ  
Roberto Luis Blanco Valdés

#### LUGAR DE REALIZACIÓN

**AULA 1 (COLMEIRO):** O día 12 de xaneiro de 12:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA